

**Resolución reitoral pola que se convocan bolsas de desprazamento ao rural para o estudiantado de Grao da Facultade de Educación e Traballo Social no curso académico 2022/2023**

O estudiantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

Esta convocatoria está en liña co obxectivo 9 do Plan Estratéxico da UVigo 2021-2026 “Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social a través da cooperación con entidades públicas e privadas”, concretamente coa acción “Potenciar o rural coma motor de desenvolvemento social”.

Convócanse estas bolsas para favorecer a elección de practicas curriculares en entidades que traballan pola mellora das condicións de vida da poboación do rural e en centros escolares destinados á infancia do rural. A realización das prácticas curriculares en contornos rurais ten un custo para o estudiantado que impide, en ocasións, que as persoas con escasos recursos económicos accedan ás boas prácticas educativas que se desenvolven no mundo rural.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de Universidades* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, **12** bolsas de desprazamento para o estudiantado matriculado na Universidade de Vigo nas prácticas curriculares dos Graos de Educación Infantil, Educación Primaria e Traballo Social da Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria,

Natalia Caparrini Marín



CSV : GEN-f569-e12c-36b9-d5f8-5ee7-1ee9-9021-55ac

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 17/06/2022 10:19 | NOTAS : F

**ANEXO I**  
**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE DESPRAZAMENTO AO RURAL PARA O**  
**ESTUDANTADO DE GRAO DA FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL NO CURSO**  
**2022/2023**

### 1. OBXECTO

O obxecto destas bolsas é sufragar os gastos ocasionados polos desprazamentos desde o lugar habitual de residencia ata o lugar no que se realiza o *practicum*, sempre que este teña lugar en entidades singulares de poboación de menos de 5.000 habitantes, de conformidade coa seguinte distribución:

- 4 bolsas para o grao en Educación Infantil
- 4 bolsas para o grao en Educación Primaria
- 4 bolsas para o grao en Traballo Social

### 2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado na Universidade de Vigo no curso 2022/2023 na Facultade de Educación e Traballo Social nas materias de *practicum* dos graos de Educación Infantil, Educación Primaria e Traballo Social.
- b) Realizar as prácticas nun concello que diste máis de dez quilómetros do concello de residencia habitual.
- c) Realizar as prácticas en entidades rurais e escolas rurais situadas nalgunha entidade singular de poboación de menos de 5.000 habitantes.

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas nas que concorran algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

### 3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas serán incompatibles con calquera outra bolsa ou axuda concedidas por calquera institución pública ou privada para o mesmo desprazamento e finalidade.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, General de Subvenciones*.

### 4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta bolsa irán con cargo á aplicación orzamentaria 2022 0019 111LL00 482.10 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 3.600 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.
2. A contía máxima individual de cada bolsa será de 300 €.



3. O pagamento da bolsa efectuarase unha vez acreditado o inicio da práctica co informe do/a titor/a, mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular.

## 5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace: [https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/9676](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/9676), **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede, e pór como **asunto** “*Bolsas desprazamento grao Educación Infantil, Educación Primaria e Traballo Social*” achegando, unicamente o formulario coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia\\_rexistro\\_instancia\\_xenerica\\_gl.docx.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf). No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico [sede@uvigo.gal](mailto:sede@uvigo.gal).

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, se lle requirirá para que a emenda a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e remata o **16 de setembro de 2022**, ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. A Sección de Axudas e Bolsas realizará a comprobación de requisitos polo que non é necesario a presentación de documentación xunto co formulario de solicitude. Poderase requirir o achego de documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

## 6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro*.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- Nota media do expediente académico do grao: ata 7,5 puntos



- O estudantado que teña concedida unha bolsa MEFP ou Axuda de estudo Uvigo no curso 2021/2022: 2,5 puntos

De resultar vacantes nalgunha titulación os premios serán redistribuídos entre o estudantado con maior puntuación das listas de agarda dos outros graos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

A Comisión de avaliación está composta por:

- Para as comisións dos graos de Educación Infantil e Educación Primaria

Presidente: Xosé Manuel Cid Fernández, decano da Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social

Vogais:

Mar García Señorán, profesora da Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social

Manuela Raposo Rivas, profesora da Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social

- Para a comisión do grao de Traballo Social

Presidente: Xosé Manuel Cid Fernández, decano da Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social

Vogais:

Raquel Vázquez Pérez, profesora da Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social

Raquel Iglesias Domínguez, profesora da Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Captación de Estudantado, Estudantes e Extensión Universitaria quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

**A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao



da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previsto no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## 7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renunciacións aceptadas darán lugar á concesión do premio á seguinte persoa da lista de agarda.

## 8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a:

- Destinar a bolsa á finalidade para a que foi concedida.
- Comunicarse habitualmente en galego coa poboación coa que interactúa no practicum.
- Redactar en galego a documentación xerada durante o practicum para o seu desenvolvemento e avaliación.
- Cumprir as obrigas da normativa de prácticas.
- Presentar o informe final de cumprimento das obrigas desta convocatoria coa sinatura do titor/a no prazo de dez días desde a finalización da práctica.

Ademais o/s beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións*, que lle sexa de aplicación.

## 9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.



CSV : GEN-f569-e12c-36b9-d5f8-5ee7-1ee9-9021-55ac

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 17/06/2022 10:19 | NOTAS : F

## 10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

## 11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf)



CSV : GEN-f569-e12c-36b9-d5f8-5ee7-1ee9-9021-55ac

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 17/06/2022 10:19 | NOTAS : F